



Xeración de Crédito 018X/19 (58/19)

Expte. Cividas: 2019031467

Expte. relacionado: 2019014831

XC – 018X/2019

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica

Vistos o informe-proposta elaborado polo Titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 27 de agosto (ref: 194/2019), refrendado pola Sra. Concelleira delegada de Facenda, en data 27/08/2019.

Emitido pola Intervención Xeral informe de control financeiro en data 02 de setembro (ref: 18X/19) no que informa desfavorablemente a xeración de crédito nº 18X/19 indicando que “o concepto de ingresos 450 está reservado pola Orde EHA/3565/ do 3 de decembro, a subvencións procedentes da Administración xeral das CCAA, cando no suposto que motiva este informe, a subvención outorgada procede da Axencia de Turismo”.

Emitido informe do Órgano de Xestión Económica, a solicitude da Sra. Concelleira de Facenda, en data 05/09/2019 (ref: 203/2019), no que indica que “por este Órgano se comparte o criterio manifestado pola Intervención Municipal (no informe de data 02/09/2019) en canto a que non procede a utilización dun concepto 450 senón que é procedente a utilización do concepto de ingresos 451 “Transferencias correntes de Organismos Autónomos e Axencias das Comunidades Autónomas”, propónse que o concepto orzamentario de ingresos orixe dos fondos que permiten a xeración de crédito proposta sexa: **451.02 “Subvención Axencia de Turismo de Galicia”** en lugar da 45047 “Subv Xunta Promoción festas magostos e maios” recollida no informe-proposta de data 27/08/2019, mantendo o resto da proposta nos seus exactos termos”, “sendo preciso modificar o proxecto de gasto 19-2-21-01 (expte 2019031487) relacionado con esta modificación orzamentaria”.

Polo tanto, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de créditos feita pola Concellería delegada de Turismo e Termalismo, mediante Providencia asinada o 12 de agosto, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido la Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 018-X/2019, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

APLICACIÓN DOS FONDOS		
APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
210.4320.22608	Gastos de marketing e dinamización do produto turístico	3.000,00 €
TOTAL.....		3.000,00 €

ORIXE DOS FONDOS

Documento asinado electrónicamente conforme á Lei 59/2003.

A versión impresa do documento electrónico ten a condición de COPIA.

Verificación do documento mediante código CSV no sitio <http://sede.ourense.gob.es>

CÓDIGO CSV:NFIAQPIDF7D6C2UE



<u>CONCEPTO</u>	<u>DENOMINACIÓN</u>	<u>IMPORTE</u>
45102	Subvención Axencia de Turismo de Galicia	3.000,00 €
TOTAL.....		3.000,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos **e á Concellería delegada de Turismo e Termalismo**, aos efectos oportunos .

O manda e asina o Excmo. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

